



**RESUMO DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE
GOBERNO
DO DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2010**

Ás 10.05 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I**.

1. Informe do reitor

Tras a comprobación do quórum legal para a celebración da sesión, o reitor dá paso ao seu informe, en que dá conta, en primeiro lugar, da aprobación, no Claustro extraordinario do 18 de novembro de 2010, das liñas xerais do orzamento e da programación plurianual para o período 2011-2013.

En segundo lugar, informa de que o día 10 de decembro tivo lugar unha sesión extraordinaria do Consello Galego de Universidades, a que se levaron dous informes, sobre o plan de financiamento 2011-2015 e o sobre o Plan Galego de Investigación 2011-2015. O reitor leu o voto particular achegado ao primeiro dos informes citados, en que a UDC se abstivo. Anunciou, así mesmo, que ese mesmo día se ía proceder a asinar un convenio coa Xunta sobre o financiamento da UDC para o período 2011-2015. A respecto do Plan Galego de Investigación, o reitor di que se trata dun informe preparado por varias empresas consultoras. Non é un plan operativo, senón un plano estratéxico en fase de borrador, que deberá ser aprobado nunha sesión posterior do Consello da Xunta.

A seguir, o reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental para que informe sobre as modificacións do proxecto do CITEEC, respondendo así a anteriores peticións do profesor Jordi Delgado.

Unha vez rematada a exposición do vicerreitor, o profesor Xosé Casabella pide a palabra para indicar que o representante de IDOM é profesor de Arquitectura e critica que non se informase antes o Consello de Goberno dos incidentes de execución do contrato de reforma do CITEEC. Cita tamén a falta de transparencia na realización do pavillón da madeira. Replica o vicerreitor que nunca se negou a información pertinente, pero opina que os incidentes de execución do contrato coas empresas contratistas se deben levar coa necesaria discreción.



Intervén tamén Jordi Delgado para agradecer a presentación do informe, mais engadindo que bota en falta información sobre dúas cuestións fundamentais: canto vai ser o custo final da obra; e cando vai estar dispoñible para recepción e uso. Propón constituír unha comisión de infraestruturas do Consello de Goberno, para tratar estes asuntos, proposta cuxa valoración asume o vicerreitor para unha vindeira sesión.

O secretario xeral informa da proposta de integración da Facultade de Ciencias da Comunicación na Asociación Española de Facultades de Ciencias da Comunicación. O Consello de Goberno acepta por asentimento a integración da Facultade na Asociación.

Toma a palabra, a continuación, a vicerreitora de Calidade para informar sobre a nova edición do programa *Docentia*. Salienta o éxito da 7.º convocatoria de grupos departamentais de calidade, e sinala que o Consello de Dirección da ACSUG informou de que a Comisión Galega de Informes, Avaliación e Certificación (CGIAC) aprobou un novo protocolo de acreditación das figuras de contratación de profesorado (contratado doutor, axudante e profesor de universidade privada).

Pola súa parte, o vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica dá conta dos expedientes de imputación informados nas comisións de Asuntos Económicos dos días 3, 14 e 20 de decembro (Informe V-0011-10 do Servizo de Intervención do 30.11.2010 por un importe de 130,50 €; Informe V-0012-10 do Servizo de Intervención do 10.12.2010 por un importe de 7.043,42 €) e dos expedientes de validación igualmente aprobados nesas comisións de Asuntos Económicos (Informe C-0011-10 do Servizo de Intervención do 30.11.2010 por un importe de 400.257,13 €; Informe C-0012-10 do Servizo de Intervención do 10.12.2010 por un importe de 352.854,71 €; Informe C-0013-10 do Servizo de Intervención do 17.12.2010 por un importe de 77.080,02 €).

Conforme á documentación achegada, o vicerreitor de Profesorado explica as liñas esenciais da evolución da RPT de profesorado a 30 de decembro de 2010, e anuncia que está xa practicamente pechada a negociación do segundo convenio colectivo laboral de PDI das tres universidades. O 29 de novembro recibíuse o informe favorable conxunto da Consellaría de Facenda e da Consellaría de Presidencia, que agora deberá ser informado polos respectivos Consellos Sociais, antes de poder asinarse o convenio colectivo.



A vicerreitora de Investigación le o escrito presentado polas tres universidades galegas o 17 de novembro diante da Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Universidades e Dirección Xeral de I+D+I) para reivindicar a coordinación das políticas de investigación, e pide que se achegue como anexo á Acta (**anexo II**). A vicerreitora comenta tamén os importantes problemas derivados da resolución da convocatoria de grupos publicada pola Xunta de Galicia o 10 de decembro, dando como prazo de xustificación o 27 de decembro. O 14 publicouse a resolución de proxectos sectoriais e deuse un prazo de xustificación até o 30 de decembro. Isto vai contra a eficiencia. Tampouco se publicaron as prórrogas de contratos de persoal. Igualmente, dá conta da concesión da acción complementaria do Ministerio de Ciencia e Innovación para financiar unha persoa por dous anos para xestionar fondos FEDER. Por último, resume a preocupante situación económica do consorcio BUGALICIA: se en 2010 a Xunta rebaixou un 20% os seus fondos ao consorcio, anunciouse que para 2011 ía rebaixar igualmente a cantidade. A reunión entre as partes tivo lugar o 9 de decembro. Nesta reunión, as universidades comprometéronse a manter as súas achegas. Da Xunta enviaron un representante que non levaba ningunha cantidade pechada, senón a mensaxe de que ía haber recorte.

2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria de 17 de novembro de 2010

Tras a lectura da acta, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade, solicítase que se corrixa a denominación do profesor Primitivo González, por aparecer este aludido como “profesor Primitivo”. A funcionaria Teresa González tamén pide que se corrixa o seu nome.

Mediante cuestión de orde, o profesor Jordi Delgado solicita que non se publiquen na web as actas do Consello de Goberno antes de seren aprobadas.

Apróbase a acta, que queda incorporada como **anexo III**.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo IV**, que se clasifican nesta ocasión en convenios marco (2), convenios específicos (6) e convenios para prácticas (10) e que



cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.

4. Proposta de modificación do programa Docentia

A vicerreitora de Calidade dá conta das modificacións propostas para mellorar e simplificar o proceso do programa Docentia, conforme á documentación achegada (Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC).

Na quenda de intervencións, Teresa López pide aclaración sobre as bases de datos dos centros que van ser utilizadas.

Apróbanse as modificacións do programa, que terá que ser posteriormente aprobado pola comisión de seguimento da ACSUG e que figura como **anexo V**

5. Anteproxecto de orzamento e plano operativo anual 2011

Neste punto, o vicerreitor expón as magnitudes principais das previsións de ingresos e gastos para o ano 2011, explicando os principais indicadores e facendo unha valoración sobre a actual situación.

Tras a súa exposición, o profesor Manuel Casteleiro pregunta se desapareceron os contratos-programa, e en particular o financiamento dos responsables de calidade e converxencia. O vicerreitor contesta que efectivamente desapareceron os contratos-programa, mais mantéñense as condicións das figuras mencionadas. Pregunta tamén se a Xunta valorou axeitadamente os déficit históricos da UDC. O vicerreitor contesta que a situación actual das universidades non é valorada en absoluto pola Xunta, nin a nivel de diagnose, nin a nivel de indicadores para repartir financiamento. A política da Xunta parece consistir en controlar máis estreitamente a execución do gasto das universidades, de aí o plano de sustentabilidade.

Xosé Portela pregunta se o plano de sustentabilidade significa unha ferramenta para dispoñer dun financiamento extraordinario. Fai unha valoración xeral destes e critica que se filtraran os orzamentos á *Voz de Galicia* cando a el lle dixeron que non comunicara os puntos da orde do día. Tamén critica que se creara un fondo de libre disposición para o equipo



de goberno co 5% da masa salarial, esquecendo as reivindicacións do PAS laboral.

Segundo Portela, o voto particular do reitor no Consello Galego de Universidades é insuficiente e debía haber máis contundencia. Tamén pide que se lle reclamen á SGAE as cantidades que pagou a UDC en concepto de canon de copia privada, aludindo á recente sentenza do TXUE (Tribunal de Xustiza da Unión Europea) sobre o tema. Remata a súa intervención reclamando que, unha vez aprobado o orzamento, se achegue unha proposta de RPT de PAS laboral.

O vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica replica que estamos loitando día a día dentro das institucións, dando todas as contas que se nos piden e facendo o máximo esforzo institucional. Recoñece que a cuestión da abstención é opinable, mais esa foi a posición que pareceu máis acaída nese momento. Replica que *La Voz de Galicia* tivo acceso ao documento, que lles foi remitido excepcionalmente aos membros do Consello de Goberno con clave de acceso, lembrando que o único membro do Consello de Goberno que enviou esa documentación previa a listas PAS foi precisamente Xosé Portela. Nega que exista un fondo de libre disposición sacado do 5% da masa salarial reducida, xa que esa redución foi detraída a súa vez pola Xunta do financiamento á UDC. Para negociar unha nova proposta de RPT, haberá que esperar a que a Consellaría de Facenda autorice a masa salarial, pendente da negociación do plano de sustentabilidade, que haberá que negociar a comezos de 2011.

Na súa intervención, Felipe Fernández cuestiona o control da Consellaría de Facenda sobre o Capítulo I. Pregunta se o orzamento previsto ampara os compromisos adquiridos polo equipo de goberno co PAS, asentindo o vicerreitor. Pide que se aprobe unha RPT de persoal laboral. Valora positivamente os pequenos pasos que se vaian dando cara á converxencia financeira do SUG. Tamén critica que se autoricen transferencias de fondos entre as partidas de biblioteca e mobiliario dos centros.

Xosé Casabella pide aclaración sobre as reducións previstas en investimento en obra. O vicerreitor aclara que todas as obras en marcha gozan de financiamento garantido, mais non se van poder afrontar novos proxectos significativos de investimento en obras.

Teresa González pide que se especifiquen os colectivos alleos á UDC cuxa matrícula gratuita se vai eliminar. Que gastos sociais pasaron ao capítulo I? Con respecto á RPT de persoal laboral pide que se incorporen as prazas de



fóra de catálogo. Opina que o anteproxecto de orzamentos debe ser público. En quenda de réplica, o vicerreitor aclara que as excepcións eliminadas son as outorgadas a empregados da Consellaría de Educación e familiares, unha excepción *para-legal*, que supón un ingreso novo de 600.000 € para a UDC. Os outros pagamentos en especie incorporados a capítulo I son as matrículas gratuítas, a escola infantil e as prazas de vacacións. En relación á RPT laboral, o compromiso do equipo de goberno de manter o cadro de persoal, refírese a todas as prazas existentes actualmente.

Unha vez debatido o asunto e co voto en contra de Xosé Portela, os restantes membros votan a favor de que se remita a proposta de orzamento ao Consello Social e que figura na páxina web no seguinte enderezo electrónico:

http://www.udc.es/sobreUDC/vice_estratexia_e_planificacion_economica/documentos/orzamentos.html

Na presenta acta figura como **anexo VI**

6. Proposta de mestrados universitarios para o curso 2011/2012

A proposta de oito mestrados foi revisada e informada favorablemente pola Comisión de Mestrado e Doutoramento na súa reunión do 3 de decembro. Houbo que cumprir as Instrucións enviadas pola Consellaría (o Decreto regulador aínda non foi aprobado) para garantir correctamente a viabilidade da proposta. A vicerreitora presenta un a un os oito mestrados, resumindo o seu contido e as alegacións presentadas.

En quenda de intervencións, o profesor Pedro Nogueira solicita unha aclaración sobre un dos títulos propostos, o de Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns, dado que segundo el, hai dous mestrados similares en Santiago e Vigo. Pregunta se se valorou que esta proposta pode ir en contra dos criterios aprobados pola Consellaría.

Daniel Pena, sobre o Mestrado de Enxeñaría Mariña, defende a seguinte postura: non se opón ao mestrado, mais o seu centro e departamento non están de acordo co nome do mestrado, por inducir a confusión coa Enxeñaría Naval e Oceánica. Indica que non se contestaron as alegacións presentadas polo seu centro e polo seu departamento, o cal é cando menos, segundo el, incorrecto. Pide que se estude un nome alternativo, porque co actual non pode estar de acordo e ten que votar e contra. Di que o equipo de



gobierno non está actuando correctamente e que o asunto se debería resolver na comisión mixta.

A vicerreitora de Organización Académica replícalle ao profesor Nogueira que a comisión valorou o cumprimento de todos os requisitos, cousa que está garantida. A respecto do nome do mestrado de Enxeñaría Mariña, considera que non existe nada que prohiba ese nome, e que con independencia de gastos persoais, o certo é que non provoca ningún tipo de confusión sobre o que se imparte en cada centro. Recoñece que, aínda que non se contestou expresamente a alegación, a Comisión de Mestrado e Doutoramento si valorou o alegado, do mesmo xeito que o equipo de goberno fixo un constante labor de mediación entre os centros implicados.

Teresa González explica a modificación do Mestrado de Técnicas Estatísticas, para mellorar o proceso de matrícula. Pide que se habilite un código específico para os mestrados interuniversitarios, porque do contrario non se poden xestionar as bolsas no Ministerio porque este interpreta que son titulacións distintas.

Álvaro Baaliña intervén para defender a proposta do mestrado. Respecto das alegacións, indica que se seguiu o procedemento, pois enviou as contestacións á Comisión de Mestrado e Estudos de Doutoramento e indica que o contido do mestrado se axeita aos convenios internacionais existentes en materia de seguridade marítima.

Finalmente, a proposta apróbase cos votos en contra de Daniel Pena, Primitivo González e José María Sáez Jabardo e figuran na presente acta como **anexo VII**.

A documentación relativa a este punto figura no seguinte enderezo electrónico:

http://www.udc.es/sobreUDC/vice_organizacion_academica_e_titulacions/documentos/propostas_mestrados:201112.html

7. Comisión para elaborar o Mestrado Universitario de Enxeñaría Industrial pola UDC e o Mestrado Universitario en Enxeñaría Naval e Oceánica pola UDC

A vicerreitora de Organización Académica explica o sentido da proposta, que é ratificar o sistema de confección dos mestrados por parte da comisión mixta que afrontou a elaboración dos graos e apróbase por unanimidade.



8. Títulos propios de posgrao

As dúas propostas de títulos propios de posgrao traen xa o informe favorable da Comisión de Estudos Propios de Posgrao. (Mestrado en valoración de discapacidades e de dano corporal e Curso de formación específica de posgrao en comercialización internacional de contidos audiovisuais).

Apróbanse e incorpóranse como **anexo VIII**.

9. Prazas de profesorado

Apróbase o cadro de cinco prazas de PDI contratado que figuran como **anexo IX**.

Apróbanse igualmente dúas prazas de mestrado (asociados T3P3) do segundo cuadrimestre do Mestrado en Enxeñaría de Sistemas Informáticos que figuran como **anexo X**.

Respecto da petición de seis contratados P6 do Departamento de Economía Financeira e Contabilidade, a proposta é que se cubran mediante as listaxes de agarda resultantes do proceso de contratación de setembro de 2010.

10. Cambios de dedicación.

Apróbanse os cambios de dedicación de Juan Villar e Jerónimo Aguiar (T3 a P6) que figuran como **anexo XI**

11. Venia docente

A venia docente solicitada por Cristina Faraldo Cabana, profesora da Escola Universitaria (adscrita) de Relacións Laborais da Coruña, para impartir a materia Dereito Societario e Cooperativo conta co informe favorable do Departamento de Dereito Público Especial.

Apróbase e figura como **anexo XII**.

12. Convocatoria de promoción de profesorado acreditado

Aplicando a normativa de 10 de decembro 2008, procede na convocatoria de mes de decembro ofertar dúas prazas por rama de coñecemento.



13. Proposta de premios á excelencia no bacharelato 2010-2011

A vicerreitora de Estudiantes explica que é unha medida destinada a atraer á UDC os mellores expedientes académicos dos estudantes de bacharelato. 44 premios para 18 titulacións.

Apróbase a listaxe conforme ao **Anexo XIII**.

14. Aceptación do legado testamentario de Manuel María

O secretario xeral expón os antecedentes do legado testamentario, e propón que se acorde, conforme á documentación presentada, que o Consello de Goberno lle propoña ao Consello Social a aceptación do legado feito por Manuel María á Universidade da Coruña en disposición testamentaria outorgada perante o Notario Miguel Jurjo Otero o 13 de abril de 2004, sobre a biblioteca, arquivo e orixinais da súa obra literaria inédita.

Apróbase por unanimidade o documento que figura como **anexo XIV**.

15. Proposta de programa de doutoramento

Apróbase a proposta de programa interuniversitario de doutoramento, en colaboración coa Universidade de Vigo, sobre Biotecnoloxía Avanzada que figura como **anexo XV**.

16. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, a xerenta, no nome do equipo de goberno, agradece o apoio do Consello Social e, en especial, do seu presidente, nas negociacións do orzamento da UDC coa Xunta de Galicia.

Felipe Fernández interésase polo estado das convocatorias de PAS funcionario, que aínda non foron publicadas. Respecto das publicadas, solicita que se intente non adiar a realización das probas selectivas. Sobre a RPT do PDI, solicita que se faga unha estatística anual de postos e custos do PDI. En terceiro lugar, solicita á vicerreitoría de investigación que a páxina web de búsqueda do catálogo da biblioteca apareza non só en castelán, mais tamén en galego. Asimesmo, solicita que se fagan xestións para que o catálogo de REBIUN saia tamén en galego. Por último, recorda que non se contestaron as preguntas de Jordi Delgado: canto vai custar o CITEEC e cando se vai inaugurar.



Teresa González protesta moi enerxicamente con respecto á organización das eleccións no tocante ao sector do PAS. Di que hai documentos do Consello de Goberno que están en español, e pide que se facilite a documentación en galego. Critica tamén o incumprimento do calendario de realización das convocatorias.

Por último, Xosé Portela sinala que a actuación da Universidade no caso das eleccións do PAS non estivo á altura das circunstancias.

En quenda de réplica, a xerente informa do estado das convocatorias. O vicerreitor de Profesorado precisa que toda a información solicitada figura xa na RPT de PDI. O vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental estima que a actual fase de obras en curso do CITEEC rematará en 2011.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.55 h.